



Ai morena desmulada,
desmulada morena,
morena desmulada
sácame desta cadena.
La la...

- Tes que nos sacar unha foto tocando na pandeireta.
- Xa a saquei.
- Ai, si?
- Sácovos eu unha aquí, oh.

En la cárcel estoy preso
y no me vienes a ver-e,
creo que no tienes alma
ni corazón de mujer-e.
La la...

E vai de rondiña
e vai de rondá
e vai de rondiña
/i-a noite todá (x3):/
e vai de rondiña
e vai de rondá.

Fixen a cama no río-e
i-a cabeceira nun toxo,
/:alghún día te quería
i aghrora xa me das noxo:/'

Nosa Señora da Barca
tén o camarín de pedra,
/:ben o podía ter d'ouro
ou de prata se quixera:/'

Tengo el corazón herido,
por todas partes me duele,
/:que está muy lejos de aquí-e
quien me coidármelo puede:/'

Ojos blancos son celosos,
los azules lesonjeros,
/:os castaños parrandistas,
os negros namoraderos:/'